

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS Á PUBLICACIÓN EN ABERTO 2021**

### **VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN**

#### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A convocatoria ten por obxecto mellorar a presenza da Universidade nos rankings internacionais incentivando a publicación en aberto nas más prestixiosas publicacións do JCR, Scopus e outras bases de datos de recursos bibliográficos electrónicos de referencia, como CIRC, clasificación integrada de revistas científicas de Ciencias Sociais e Humanas.

#### **2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar estas axudas os coordinadores dos grupos de investigación que figuren no Catálogo de grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela na data de publicación desta convocatoria.

Será requisito de participación nestas axudas que todos os membros<sup>1</sup> (PDI) do Grupo teñan unha conta ORCID activa e actualizada a 2020 antes do libramento da axuda. A composición do grupo que se terá en conta para a avaliación das solicitudes será a existente nesta mesma data.

#### **3. CONDICIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E CONCEPTOS SUBVENCIONABLES**

O importe destas axudas irá destinado a cofinanciar as publicacións en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR e Scopus ou A+ e A segundo os criterios de CIRC, Clasificación Integrada de Revistas Científicas. En función do crédito dispoñible en cada fase o importe do cofinanciamento poderá alcanzar como máximo o 75 % da factura correspondente á cota de edición dos artigos publicados/aceptados sen que poida superar os 4.000,00 € entre o 1 de novembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021, acordo coas seguintes condicións:

1. Só se concederá unha axuda por solicitante no ano en curso
2. Só se concederá unha axuda por artigo
3. Algún dos autores do artigo debe ter vinculación contractual ou estatutaria coa USC.
4. No momento da solicitude admitirse a factura pro forma do artigo quedando condicionada a concesión da axuda á existencia de factura orixinal
5. A data da factura deberá estar comprendida 1 de novembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021
6. En caso de que o custo do artigo xa se teña imputado contablemente a unha partida orzamentaria da USC no momento da tramitación da solicitude de axuda, non poderá ser obxecto de financiamento desta convocatoria de cumplirse algunhas destas dúas condicións:
  - a. Se o custo figura imputado a outros programas ou axudas que xa foran xustificadas pola USC ao organismo finanziador
  - b. Se o artigo está asociado a un proxecto europeo que teña recoñecido financiamento específico para este mesmo fin (gastos de publicación en aberto)

<sup>1</sup> Terán a consideración de *membros do grupo de investigación* a efectos desta convocatoria tódolos profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente coa USC, así como aqueles investigadores postdoutorais adscritos á USC no marco de programas e convocatorias Ramón y Cajal, Marie Curie, investigadores postdoutorais autonómicos, investigadores/as do programa JIN, investigadores de programas financiados por fundacións privadas ou programas propios seleccionados en condición de competencia homologable.

7. A factura deberá estar emitida a nome da USC
8. Non se financiarán custos derivados da tradución do artigo. Só os custos de publicación en **aberto**

#### **4. FINANCIAMENTO**

O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de **50.000 €** efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-7G66-64100, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020 e estarán cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e Ordenación Universitaria e a USC para o ano 2021 (Actuación: “*Accións Transversais de apoio á I+D – Axuda Publicacións Q1 en aberto*”).

#### **5. PROCEDIMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, presentaranse a través do registro electrónico da USC. Na solicitude deberá indicarse que dexa participar na convocatoria de axudas para publicacións en aberto 2021. Unha vez presentada esta solicitude e recibida na Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D, se enviará ao solicitante un formulario electrónico onde se solicitarán os datos e documentos complementarios precisos para avaliar a solicitude. **Lémbrese que non se admitirán facturas que foran xa pagadas por organismos alleos á USC.**

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte da publicación da convocatoria e estará aberta ata o 31 de outubro de 2021.

No obstante a efectos dunha mellor xestión da convocatoria e das solicitudes que se presenten establecense dous períodos diferenciados de resolución de solicitudes:

- Fase 1: para a solicitudes presentadas ata o 30 de abril de 2021
- Fase 2: para as solicitudes presentadas entre o 1 de maio e o 31 de outubro de 2021

#### **6. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO**

A instrucción do procedemento desta convocatoria correspondelle á Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D pertencente á Área de Xestión de Investigación e farase integralmente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/tabcalleiro/inicio.htm>).

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes para cada unha das fases publicarase a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de CINCO días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

Os solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

#### **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Serán admitidas todas as solicitudes que cumplen os obxectivos e criterios da convocatoria. De ser o caso, a Comisión de avaliación poderá arbitrar mecanismos e criterios adicionais de avaliación que serán

oportunamente publicitados e tomarán en consideración a relevancia e impacto da revista na Área de coñecemento correspondente.

## 8. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A Comisión encargada de avaliar as solicitudes estará composta por:

- Presidente: Vicente Pérez Muñozuri, Vicerreitor de investigación e innovación.
- Secretario: Manuel Boquete Botana, Xefe da Subárea de convocatorias e RRHH de I+D.
- Vogais:
  - M<sup>a</sup> Elvira López Mosquera, Adxunta á Vicerreitoría de coordinación do Campus de Lugo para investigación, transferencia e innovación.
  - M<sup>a</sup> Isabel Casal Reyes, Directora da Biblioteca universitaria (BUSC).
  - Dous representantes designados pola Comisión de investigación delegada do Consello de Goberno.

Logo da convocatoria do Presidente, a comisión constituirase coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da súa constitución, a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbdidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión elaborará a proposta de adxudicación que será elevada ao Reitor da USC para a súa adxudicación definitiva.

## 9. PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN

Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes de cada unha das fases a Comisión e logo da análise e evaluación das mesmas, a Comisión publicará proposta de resolución no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

## 10. LIBRAMENTO DA AXUDA

Como regla xeral, a factura deberá ser imputada á partida orzamentaria finanziadora destas axuda (8050-7G66-64100). No obstante, naqueles casos nos que a factura xa estivese tramitada e/ou pagada por outra partida do orzamento da USC, poderá facerse efectiva a axuda mediante transferencia de crédito á partida na que figure contabilizado o gasto. Se a axuda non cubrise a totalidade do custo do artigo, a Subárea Económica arbitrará os mecanismos que procedan para facer as imputacións parciais na xustificación de cada unha das axudas que cofinancien o gasto.

## DISPOSICIÓN FINAL

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimento da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Por delegación do Reitor

(RR do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación

Vicente Pérez Muñuzuri

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 18/02/2021 14:19:02.

CSV: D0D6-5803-4DA2-B38C